

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE MARZO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no marco do Proxecto Terra, por un importe de trescentos trinta e tres mil trescentos trinta e dous euros (333.332,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo para a urbanización da Rúa Progreso (PO-308), por un importe total de dous millóns cincocentos setenta e sete mil trescentos noventa e dous euros con sesenta e cinco céntimos (2.577.392,65 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; así como a eximir as entidades con ánimo de lucro de constituír garantías para o cobro dos anticipos, de acordo co establecido no artigo 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, con respecto ao proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións

formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2018 e 2019 (código de procedemento TR301K). Importe total: vinte e seis millóns seiscientos vinte e catro mil cento oitenta e seis euros con dous céntimos (26.624.186,02 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá, cofinanciadas polo Programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Importe total: un millón trescentos oitenta e oito mil cincocentos corenta e cinco euros (1.388.545,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o inicio do procedemento de elaboración dunha nova norma de carácter regulamentario en materia de inspección ambiental de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución de autorización administrativa previa e de construción, e declaración de utilidade pública do proxecto de construción dun poliduto e instalacións auxiliares para descarga de cru no Porto exterior de Punta Langosteira.
- Informe sobre o estado da tecnoloxía 4.0 nos sectores industriais estratéxicos de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre os resultados da campaña de vacinación antigripal 2017.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A ESTRATEXIA PARA IMPULSAR OS CONTIDOS DIXITAIS EN GALICIA

- *O Plan DICO Mindset busca reforzar o capital humano, desenvolver proxectos tractores e fomentar a competitividade dixital dun sector con 900 empresas e máis de 5.000 empregados en Galicia*
- *Unha das iniciativas será a incorporación de tendencias interactivas ás emisións da televisión pública autonómica para adaptar a súa oferta aos novos hábitos de consumo*
- *A captación de talento e a capacitación dos profesionais abordarase con programas de bolsas e formación específica para persoal directivo do sector*
- *As pemes disporán dun catálogo de servizos para incorporar as novas tendencias no ámbito dos contidos dixitais*

Esta mañá o Consello da Xunta aprobou o Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, *DICO Mindset*, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). A estratexia define actuacións en tres eixos: o reforzo do capital humano, o desenvolvemento de proxectos tractores e o fomento da competitividade dixital para configurar un sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo, que neste momento aglutina arredor de 900 empresas con preto de 5.400 empregados.

Proxectos tractores

A Administración autonómica impulsará iniciativas en diferentes ámbitos, que ademais de dar resposta a demandas concretas, buscan ter un efecto de estímulo para o sector.

Entre os proxectos previstos a Amtega colaborará coa CRTVG para incorporar tendencias interactivas nas súas emisións, avanzando no posicionamento da televisión pública autonómica nos novos hábitos de consumo de contidos con tres liñas de actuación:

Incorporaranse á experiencia do usuario as segundas pantallas con contidos de realidade aumentada e realidade virtual para dispositivos móbiles, sincronizados con programas que se emiten na actualidade; empregaranse modelos de análise de datos, baseados en técnicas de Big Data, para crear de canles multimedia adaptadas aos comportamentos da audiencia. Crearase unha canle temática interactiva capaz de albergar e producir produtos audiovisuais para o ámbito educativo.

Con estas iniciativas darase un paso máis na adaptación da oferta da televisión pública autonómica á experiencia de usuario que esixe a audiencia, incorporando as posibilidades de interactividade, personalización e especialización que facilita o contexto dixital e internet.

Ademais, en colaboración co sector audiovisual e o sector TIC, crearase un centro de produción de contidos dixitais e dentro da iniciativa de Memoria Dixital apostarase pola aplicación da innovación tecnolóxica a todo o ciclo de vida de preservación, xestión e promoción do patrimonio cultural galego.

Capital humano dixital: mellora das capacidades dos profesionais do sector

As actuacións deste eixo céntrase en facilitar o acceso á formación do capital humano vinculado ao sector dos contidos dixitais para que contén coas ferramentas necesarias para afrontar procesos de renovación e reorientación empresarial.

Para isto apostarase pola xeración e atracción de talento a través de programas de bolsas para prácticas non laborais; formación específica para directivos como o Programa AceleraTIC un para construír un perfil directivo no sector que manexe o dixital desde un punto de vista estratéxico e a convocatoria de actividades divulgativas orientadas a que os máis novos se orienten profesionalmente cara ao eido dos contidos dixitais.

Colaboración e competitividade dixital

As actuacións deste eixo buscan establecer colaboracións entre empresas, que permitan abordar retos tecnolóxicos e definir novos contidos audiovisuais que poidan rendibilizarse noutros mercados.

A través do programa DICO Challenge, porase en marcha unha aceleradora de contidos dixitais, na que unha empresa tractora presentará retos e demandas ao sector para súa resolución.

Facilitarase o acompañamento ás pemes do sector dos contidos dixitais co programa *ReAcciona Digital Content*, que presentará un catálogo de servizos que permita ás empresas deste perfil a incorporación ao seu proceso produtivo de novas tendencias tecnolóxicas.

Para facilitar o acceso ás novidades neste ámbito prevese a posta en marcha dun centro de análise e vixilancia das tendencias tecnolóxicas, en colaboración cos clústers TIC e Audiovisual, que favoreza e fomenta o contacto e a transferencia de coñecemento entre os axentes do ecosistema dos contidos dixitais.

Orzamento

A execución do Plan obedece a unha filosofía de coordinación e colaboración entre distintas entidades do ámbito público (Amtega, Igape, CRTVG, Agadic, etc.), que se estende tamén aos actores do ámbito privado (clúster tic, clúster audiovisual, empresas tractoras, etc.). En total, DICO Mindset conta cun investimento de máis de

13 millóns de euros, dos que máis de 1,6 millóns de euros se corresponden con capital privado, no período 2018-2020.

MEDIO AMBIENTE BUSCA CONSOLIDAR O RESPECTO POLA PAISAXE E A ARQUITECTURA NO EIDO EDUCATIVO A TRAVÉS DO 'PROXECTO TERRA'

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dotado con 300.000 euros para o desenvolvemento de actividades nesta materia ata o ano 2019*
- *Unha das novidades do novo convenio é que por primeira vez se incorpora a educación infantil na oferta das actividades complementarias, como saídas e visitas guiadas e intercambios territoriais de alumnos*
- *Tamén se participa por primeira vez na organización da I Bienal Internacional de e Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade-Ludantia, reforzando a presenza internacional do Proxecto Terra*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), para o desenvolvemento de actividades no marco do Proxecto Terra, por un importe de 300.000 euros ata o ano 2019.

O Proxecto Terra é unha iniciativa didáctica de cooperación co mundo da educación, que busca contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia teñen da arquitectura, da identidade territorial e do ambiente, contribuíndo a acadar os obxectivos que para estas materias xa se recollen na actualidade nas distintas etapas da educación de 0 a 18 anos.

Unha das principais novidades do convenio autorizado hoxe é que, por primeira vez, se incorpora a Educación Infantil na oferta das actividades complementarias, como saídas e visitas guiadas e intercambios territoriais de alumnos, e se modifica e axeita a oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria, co obxectivo de facilitar a súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe deste nivel educativo.

Outra das novidades deste convenio é a participación na organización da *I Bienal Internacional de educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade-Ludantia*, reforzando a presenza internacional do Proxecto Terra e mediante a realización da "Expo Activa", actividade de Ludantia que fomenta a aprendizaxe a través do xogo, que terá lugar nos meses de maio e xuño de 2018 na Cidade de Pontevedra.

O Proxecto Terra é unha iniciativa que conta co apoio da Xunta desde hai 15 anos, polo que a renovación desta colaboración permitirá continuar co proceso de revisión e actualización dos materiais e recursos elaborados cunha nova proposta de achegamento ao noso hábitat, na que a cidadanía, como destinataria e usuaria dos

espazos, terá un papel central na lectura dos nosos escenarios de vida xunto coa sustentabilidade e a preocupación pola pegada ecolóxica e a optimización no uso dos recursos dispoñibles. Esta revisión de materiais terá soporte unicamente dixital, para a súa integración nas aulas a través das TIC.

Así mesmo, tamén se continuará coa formación do profesorado para presentar as actualizacións dos recursos educativos elaborados para as distintas etapas da educación obrigatoria, realizando cursos de formación incorporados no Plan anual de formación do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e tamén se realizarán actividades de formación específica de monitores e talleristas para desenvolver actividades co alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria en colaboración co profesorado do correspondente nivel educativo.

Este tipo de actividades contribúen a que os escolares acaden unha clara e actualizada proposta de achegamento á arquitectura, entendendo esta como todas aquelas actuacións sobre o territorio realizadas por homes e mulleres para acadar unhas mellores condicións de vida. Trátase de materiais específicos que completen ou achegar melloren os que agora mesmo están dispoñibles para o alumnado e o profesorado, e completalos con actividades, como visitas guiadas de arquitectura e intercambios territoriais ou talleres de arquitectura, que se ofertarán aos centros de ensino para que poidan ser incorporadas nas súas programacións de actividades complementarias ou extraescolares.

E, por último, tamén se retomará o programa de formación continua da cidadanía co obxectivo de presentar as reflexións multidisciplinares sobre os lugares que habitamos, esencial para acadar unha mellor implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANXENXO PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS

- *Este proxecto, cun orzamento de 2,5 millóns de euros, será financiado nun 70 % polo Goberno galego e no 30 % restante pola Administración local*
- *O Concello redactará o proxecto, contratará e executará as obras logo de asumir a titularidade do dominio público da vía, agás a calzada e as beiravías*
- *As actuacións realizaranse entre o cruzamento coa rúa de Madrid e a glorieta de intersección coa PO-504 e consistirán nunha reordenación para facilitar o tránsito peonil*
- *Crearase dúas novas glorietas na intersección coa rúa de Madrid e na rúa Castelao para facilitar os xiros*
- *Os traballos tamén se centrarán na renovación dos servizos urbanos de abastecemento, saneamento e iluminación, ou na rehabilitación do firme da calzada, execución de beirarrúas e bandas de aparcadoiro*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Sanxenxo para executar a urbanización da rúa Progreso, cun investimento total de máis de 2,5 millóns de euros.


O Goberno galego financiará o 70 % das obras, destinando máis de 1,8 millóns de euros. O Concello de Sanxenxo achegará o 30% restante, redactará o proxecto construtivo, contratará e executará as obras e asumirá antes do inicio dos traballos a titularidade do dominio público da PO-308, salvo a calzada e as beiravías resultantes da actuación, entre os pp.qq. 16+050 e 17+330. Tamén lle corresponderá a conservación das zonas axardinadas que se crean nas novas glorietas.

Trátase da reurbanización da rúa Progreso de Sanxenxo, entre o cruzamento coa rúa de Madrid e a glorieta de intersección coa PO-504. Este tramo da estrada autonómica PO-308, que comunica Pontevedra coa Lanzada, atravesa o núcleo urbano de Sanxenxo.

O proxecto recolle a reordenación da sección transversal da estrada para dotar de maior amplitude as beirarrúas para facilitar o tránsito peonil en condicións accesibles, para o que se eliminarán a maior parte dos carrís centrais de espera existentes. Tamén se levará a cabo a creación de dúas novas glorietas na intersección coa rúa de Madrid e na rúa Castelao para facilitar os xiros.

Os traballos tamén se centrarán na renovación dos servizos urbanos de abastecemento, saneamento e iluminación; reparacións puntuais da rede de gas; e

soterrados das redes de telefonía e electricidade, así como na rehabilitación do firme da calzada, execución de beirarrúas e bandas de aparcadoiro.



A XUNTA APOIARÁ A FORMACIÓN DE 2175 DESEMPREGADOS NO NAVAL, METAL E AUTOMOCIÓN E DARÁ PRIORIDADE A CURSOS SOBRE INDUSTRIA 4.0

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará nas próximas semanas no DOG a convocatoria 2018/2019 para persoas sen traballo (AFD) á que destina 26,6 millóns de euros para cualificar 8700 alumnos a través de 580 cursos***
- ***Como mínimo, celebraranse 145 cursos para o naval, o metal e a automoción e 87 para competencias dixitais***
- ***Terán preferencia, ao igual que na pasada convocatoria 2017/2018 que aínda está en marcha, as especialidades con maior demanda ou maior inserción laboral e as vinculadas coa fábrica intelixente***
- ***No ano 2016, un 60% dos alumnos e alumnas que se formaron a través destes apoios do Goberno galego atoparon un emprego***
- ***A Administración autonómica tamén impulsa a cualificación para desempregados a través das unidades formativas na empresa e de cursos para menores de 30 anos e especializados en sectores estratéxicos e emerxentes da economía galega***

A Xunta publicará nas próximas semanas no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* as axudas para impulsar a formación para desempregados (AFD) correspondentes á convocatoria 2018/2019, á que destinará 26,6 millóns de euros para cualificar a 8700 alumnos e alumnas a través de 580 cursos. Entre as novidades deste ano darase prioridade a especialidades vinculadas ao metal, naval e automoción, a docencia de formación profesional para o emprego e para as accións vinculadas coas competencias dixitais. Deste xeito, resérvase un 50% do orzamento para estas especialidades e para os cursos de competencia clave, que están dirixidos a aquelas persoas sen estudos básicos, e que, ao igual que na edición pasada, seguen tendo preferencia.

Así, investiranse 6,65 millóns de euros (o 25% do orzamento) na realización de 145 cursos para cualificar a 2.175 persoas sen emprego nos sectores do metal, o naval e a automoción. En competencias clave, con máis de 2,6 millóns, levaranse a cabo 58 cursos para cualificar a 870 persoas e, con preto de 4 millóns, desenvolveranse 87 accións sobre competencias dixitais para 305 desempregados.

Nesta convocatoria, ao igual que na de 2017/2018, tamén se dará prioridade aos cursos vinculados coa Industria 4.0; aos idiomas, coñecementos financeiros, xurídicos e de funcionamento das administracións públicas; e ás especialidades con maior demanda ou maior inserción laboral. Para isto, destinarase 13,31 millóns de euros.

As axudas dirixidas a empresas, concellos e entidades sen ánimo de lucro, das que se informou hoxe no Consello da Xunta, teñen como obxectivo incrementar a empregabilidade das persoas sen traballo facilitándolles, polo tanto, o seu acceso ao mercado laboral. Ao mesmo tempo, dótase Galicia dun capital humano máis formado

de acordo ás necesidades reais das empresas. É unha formación homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España.

Entre os colectivos que terán prioridade para acceder aos cursos están as mulleres, especialmente aquelas vítimas de violencia de xénero; os parados de longa duración; menores de 30 anos; emigrantes retornados; persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social; e alumnos con baixa cualificación.

Un 60% de inserción

O Goberno galego segue apostando por este tipo de programas formativos, xa que na edición do ano 2016 un 60% dos alumnos que se cualificaron nestes cursos acadaron un emprego, catro puntos porcentuais máis que nos dous anos anteriores. Dos 6.572 galegos e galegas que accederon a estas accións formativas, un total de 3.963 atoparon emprego e dous de cada tres fixérono nos seis primeiros meses desde que rematou o curso.

As accións formativas, que empezarán a partir de setembro e se estenderán ao longo de 12 meses -o pasado ano a duración ampliouse de 6 a 12 meses-, enmárcanse na folia de ruta do Goberno galego en materia laboral, a Axenda 20, coa que tamén se está apoiando este ano outro tipo de programas dirixidos á cualificación para desempregados. Destacan as unidades formativas na empresa cun compromiso mínimo de contratación do alumnado que se forme. Para esta iniciativa está aínda aberto o prazo de solicitude ata o 5 de abril.

Así mesmo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia accións formativas para menores de 30 anos. Na actualidade estase desenvolvendo un plan específico para este colectivo que conta cun orzamento de 4,3 millóns de euros para beneficiar 1440 mozos e mozas. Esta iniciativa inclúe formación á porta para 500 mozos de 30 concellos do rural.

A XUNTA CONSOLIDA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ CON SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS

- *A nova convocatoria de achegas para 2018 ascende a preto de 1,4 millóns de euros, o que supón un incremento dun 13% con respecto os recursos destinados para esta finalidade no anterior período, correspondente aos exercicios de 2016 e 2017*
- *O obxectivo é consolidar e ampliar os servizos de atención temperá dirixidos a menores de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá o vindeiro ano. O crédito inicial previsto entre novembro de 2017 e outubro de 2018, que será susceptible de ampliación, se é necesario, ascende a 1.388.545 euros e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo dentro do programa operativo 2014-2020. Isto tradúcese nun incremento do 13,03% con respecto aos recursos destinados para esta mesma finalidade no anterior período (de xaneiro de 2016 a outubro de 2017).

Con esta medida, en liña co eixe 2 do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e coa Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, o Goberno galego consolida os servizos existentes e a implantación de novos, que poderán ser prestados polos concellos de forma individual ou ben conxunta, mediante o sistema de xestión compartida, ou mediante a concertación con terceiros da execución total ou parcial. O obxectivo é dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten os menores de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, apostando por un modelo de servizo fundamentado na prevención, na promoción da autonomía persoal e na inclusión social a través da prestación de servizos na proximidade das familias e nos contornos naturais da vida dos nenos e nenas.

Neste sentido, considérase idóneo o ámbito municipal pola súa proximidade á veciñanza e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, tendo en conta, ademais, que un dos principios reitores da Rede galega de atención temperá é a descentralización e proximidade. Deste xeito, a finalidade é conseguir un achegamento eficiente ás persoas destinatarias mediante o desenvolvemento, sempre que sexa posible, de actuacións de base comunitaria para a inclusión social e nas que, polo tanto, a rede de recursos comunitarios (sociais, sanitarios e educativos) son peza fundamental nunha atención e prestación de calidade.

Ademais de consolidar a Rede galega de atención temperá e que deste xeito se achegue a máis puntos do territorio realizando un verdadeiro servizo de proximidade para os menores e as súas familias, o obxectivo está tamén en seguir reforzando a coordinación dos profesionais que prestan o servizo, xa que a acción coordinada das áreas de Sanidade, Educación e Política Social é o eixo clave para garantir a abordaxe integral e temperá do desenvolvemento infantil e o apoio as familias. Outra finalidade é facilitar a formación destes profesionais a través da realización de programas desenvolvidos mediante a colaboración conxunta das consellerías das tres áreas antes citadas. Así, nas dúas últimas edicións de 2016 e 2017 participaron en accións formativas un total de 107 profesionais dos ámbitos sanitario, educativo e social.

Na actualidade, en Galicia cóntanse con recursos de atención temperá tanto a nivel municipal como equipos no ámbito dos complexos hospitalarios, aos que tamén hai que engadir recursos desta tipoloxía prestados polas entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade. Así mesmo, a Consellería de Política Social, a través dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), financia tres unidades de atención temperá situadas na comarca do Deza, do Salnés e Bergantiños, cun importe total neste ano 2018 de 315.000 euros. Ademais, existe financiamento que se destina ás entidades do ámbito da discapacidade, que tamén contemplan entre os seus programas e recursos este tipo de servizos.

Cómpre destacar que xa se beneficiaron desta subvención na anterior convocatoria a mancomunidade de concellos da comarca de Verín, a mancomunidade dos concellos do Carballiño e da mancomunidade do Ribeiro, así como a mancomunidade de concellos da comarca de Ordes; e as agrupacións dos concellos da Pobra do Caramiñal e Ribeira; de Burela, Alfoz e Lourenzá; e de Noia, Porto do Son, Muros, Outes e Lousame.

MEDIO AMBIENTE PREPARA UNHA NOVA NORMATIVA SOBRE A INSPECCIÓN AMBIENTAL EN GALICIA QUE FOMENTARÁ A FUNCIÓN PREVENTIVA

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá dos traballos que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está a levar a cabo para a redacción dun novo decreto que actualizará a normativa actual de hai 20 anos*
- *A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aposta por adoptar medidas que fomenten a función preventiva na normativa de inspección, fronte as medidas de comprobación e emenda dun dano ambiental*
- *Así mesmo, adecuarase a normativa galega á norma estatal e comunitaria sobre a prevención e o control integrado da contaminación, como a necesidade de realizar inspeccións e de elaborar plans e informes derivados destas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado dos traballos de preparación que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio está a realizar para contar cunha nova normativa sobre a inspección ambiental na comunidade galega, co fin de fomentar a función preventiva.

En Galicia o marco normativo autonómico vixente está constituído pola Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se regula o exercicio da inspección ambiental única e a tramitación das denuncias ambientais. É dicir, estamos ante unha norma con máis de 20 anos de vigor que se atopa desactualizada con respecto á normativa estatal e á normativa comunitaria; así como respecto da actual organización e funcionamento da propia inspeccións ambiental de Galicia.

Deste xeito, coa nova normativa, fomentarase a función preventiva, polo que se incidirá na necesidade de adoptar medidas para evitar que se acheguen a producir os danos ambientais, no canto de que a inspección ambiental se centre na comprobación das posibles infraccións e como estas poden afectar o ambiente.

Así mesmo, tamén se incidirá no labor de concienciación e información que desempeñan os inspectores ambientais, función esencial no cumprimento do obxectivo principal de prever a produción de danos ambientais. De feito, a normativa comunitaria recolle toda unha serie de obrigas respecto da necesidade de realizar inspeccións ás instalacións sometidas a autorización ambiental integrada e da necesidade de elaborar plans e programas de inspección que comprendan estas instalacións, establecendo previsións específicas tamén respecto ao desenvolvemento das inspeccións a estas instalacións e a documentación xerada nestas, así como a obriga de facer públicos os informes derivados das devanditas inspeccións.

Outra das razóns que xustifican esta actualización da normativa é que non se recollen todas as instalacións que son obxecto de inspección, como son as sometidas a autorización ambiental integrada consonte o disposto no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2016; previsión que resultaba imposible dado que as normas autonómicas son anteriores á normativa comunitaria que deu orixe a este réxime de intervención administrativa.

A inspección ambiental en Galicia constitúe o instrumento esencial para garantir e facer efectivo o cumprimento da lexislación ambiental, a través da detección de infraccións e da colaboración cos titulares de actividades e instalacións, informándoos das obrigas e responsabilidade e potenciando unha cultura de responsabilidade.

En definitiva, o labor de inspección consiste en comprobar o grao de cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos sinalados nas autorizacións e avaliacións ambientais; coa finalidade de prever calquera dano ambiental e de acadar un nivel elevado de protección do ambiente, potenciando unha cultura medio ambiental nas actividades económicas que fomente os sistemas de autocontrol e xestión ambiental.

Nas vindeiras semanas, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio iniciará o proceso de consulta pública previa, co fin de compilar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente regulados pola futura norma con carácter previo á elaboración do anteproxecto de decreto.

A XUNTA AUTORIZA A CONSTRUCCIÓN DO POLIDUTO QUE CONECTARÁ A REFINERÍA DA CORUÑA CO PORTO EXTERIOR DE PUNTA LANGOSTEIRA

- *O proxecto, promovido por Repsol cun investimento de 27,1 millóns de euros, suporá a eliminación dos tráfico de cru do porto interior da cidade da Coruña*
- *As obras consistirán na instalación de 11 tubos, máis un de reserva, cunha lonxitude de 4,2 quilómetros*
- *A actuación forma parte do obxectivo de mellorar a cobertura, calidade e seguridade da subministración de hidrocarburos*

A Xunta autoriza a construción do poliduto que conectará a refinaría da Coruña co porto exterior de Punta Langosteira, tal e como se informou hoxe tras a celebración do Consello, así como a declaración da utilidade pública deste proxecto.

Trátase dunha iniciativa promovida por Repsol, que se situará nos concellos de Arteixo e da Coruña, cun investimento de 27,1 millóns de euros e que forma parte dun proxecto máis amplo que inclúe a construción de instalacións auxiliares e un pantalán para a eliminación dos tráfico de cru do porto interior da cidade da Coruña no que investirá 126,7 millóns.

Unha vez rematada a construción e posto en servizo, eliminaranse o 60% dos tráfico de produtos petrolíferos que actualmente se descargan no Porto interior da cidade e que se bombean a través do vello poliduto existente que une o devandito porto interior coa refinaría atravesando o subsolo da cidade. Entre os graneis líquidos que deixarán de fluír figura o cru, polo que se evitará a entrada na Coruña dos petroleiros de maior porte. O poliduto incluírá todas as conducións precisas para cando a empresa decida trasladar toda a súa actividade ao porto exterior.

Logo de recibir os informes oportunos e de contar cunha declaración de impacto ambiental favorable, o proxecto seguirá adiante a tramitación para que a empresa poida executar esta obra, que consistirá na instalación dun total de 11 tubos, máis un de reserva, cunha lonxitude total de ao redor de 4,2 quilómetros. A previsión é que as obras arranquen este ano.

Directrices enerxéticas

Con esta actuación, dáse un paso adiante nos obxectivos marcados nas Directrices enerxéticas 2018-2020. En concreto, co referido ao desenvolvemento de infraestruturas acordadas coa visión futura do sistema enerxético para a mellora da cobertura, calidade e seguridade da subministración de hidrocarburos. Ademais, o poliduto forma parte da iniciativa para desenvolver un *hub* de hidrocarburos no porto exterior de Punta Langosteira que consiste no traslado das instalacións de trasfega de petróleo e derivados á dársena exterior ademais doutras instalacións.

A través das novas directrices, a Xunta avanza no seu compromiso co sector enerxético galego, impulsando a colaboración público-privada cun investimento de máis de 3000 millóns de euros para mellorar a calidade de vida dos galegos -a través do abaratamento dos custos e aumento da calidade da subministración- e a competitividade do tecido empresarial. Coa consecución destes retos, a previsión é que neste sector se poidan xerar máis de 12.000 empregos para a execución dos proxectos.

AERONÁUTICA, AUTOMOCIÓN E AGROALIMENTACIÓN SON OS SECTORES QUE MÁIS EVOLUCIONARON EN GALICIA A NIVEL TECNOLÓXICO

- *O estudo ‘Oportunidades Industria 4.0 en Galicia’, elaborado pola Xunta coa colaboración da Atiga, conclúe que as novas tecnoloxías impulsan a competitividade das empresas ao mellorar a produción e xerar produtos e servizos*
- *O informe diagnóstica a situación actual dos sectores estratéxicos da economía galega: téxtil/moda, metalmecánico, naval, automoción, aeronáutico, agroalimentación e bio, madeira/forestal, enerxías renovables, pedra natural e TIC*
- *A xestión masiva de datos –big data– é a tecnoloxía 4.0 na que primeiro estiman investir as compañías para ser máis competitivas, seguida da simulación e modelización de procesos, a robotización e a interacción persoa-máquina*
- *O TIC galego está chamado a desenvolver un papel de especial relevancia como facilitador das novas tecnoloxías no resto de sectores*
- *As empresas de automoción, que nun 75% teñen un coñecemento alto ou medio das novas tecnoloxías, consideran imprescindibles para seguir avanzando os apoios para os investimentos 4.0 e para a formación cualificada*
- *Este traballo constitúe un instrumento fundamental para darlle un novo impulso ao desenvolvemento da Axenda 4.0, que xa beneficiou a máis de 4200 empresas e prevé impulsar investimentos por 175 millóns de euros entre 2017 e 2018*

A aplicación de tecnoloxías emerxentes 4.0 impulsa a competitividade das empresas, achegando melloras tanto na produción como no capital humano –con operarios 4.0– e xerando produtos, funcionalidades, servizos ao cliente e novos modelos de negocio. Estas son as principais conclusións do estudo *Oportunidades Industria 4.0 en Galicia*, avaliado hoxe no Consello da Xunta. Neste sentido, o informe apunta á aeronáutica, á automoción e á agroalimentación e bio como os sectores que se atopan á vangarda tecnolóxica na Comunidade e os que mostran máis interese pola súa expansión.

Segundo o traballo promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e elaborado polo Igape en colaboración coa Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga) e os seus centros tecnolóxicos, as empresas dos sectores estratéxicos consideran que a achega potencial das tecnoloxías 4.0 é relevante tanto na produción como no ámbito das persoas, produtos e servizos ou mellora da calidade.

En concreto, o traballo inclúe un diagnóstico do nivel tecnolóxico actual nos dez sectores industriais estratéxicos de economía de Galicia, con base no seu peso en termos de PIB: aeronáutica, agroalimentación e bio, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, metalmecánico, naval, pedra natural, téxtil/moda e TIC. Ademais, o estudo identifica oportunidades de mellora que facilitarán así ás administracións públicas adecuar as súas políticas de apoio ás necesidades de empresas e sectores.

A Industria 4.0 por sectores

O sector TIC galego está chamado a desenvolver un papel de especial relevancia como facilitador das novas tecnoloxías para as empresas doutros sectores, xa que o 75% das empresas TIC galegas teñen competencias nas ferramentas de xestión masiva de datos (big data, cloud computing e data analytics), sistemas ciberfísicos e Internet das cousas.

O diagnóstico sectorial que realiza o estudo apunta á aeronáutica, á agroalimentación e bio e á automoción como os sectores que se atopan á vangarda tecnolóxica en Galicia e os que mostran máis interese pola súa expansión, ben que as previsións de incorporación das tecnoloxías 4.0 alcanzan todos os ámbitos empresariais. Así, na automoción, a agroalimentación e bio, e a aeronáutica, a elección maioritaria para continuar co proceso de dixitalización é a big data. En concreto, é a primeira opción para o 68%, o 58% e o 56% das empresas consultadas, respectivamente.

No caso concreto da automoción, as empresas deste sector, que nun 75% teñen un coñecemento alto ou medio das tecnoloxías 4.0 e que están entre as máis avanzadas neste ámbito, consideran imprescindibles os apoios para os investimentos 4.0 e para a formación cualificada para seguir avanzando. Ademais das tecnoloxías de *big data*, máis da metade das compañías (55%) están a favor das tecnoloxías de modelización, simulación e virtualización de procesos.

A big data tamén aparece entre as primeiras opcións, pero non de xeito maioritario entre as empresas dos sectores do téxtil/moda, da madeira/forestal e do metalmeccánico. As compañías do naval e da pedra natural sinalan como prioritario o investimento en seguridade e protección, mentres que as empresas da madeira e forestais se decantan, en primeiro lugar, polos sistemas ciberfísicos e Internet das cousas. Pola súa banda, o tecido industrial vinculado ás enerxías renovables aposta pola automatización e a robótica avanzada.

Investimentos

En liñas xerais, a xestión masiva de datos –big data– é a tecnoloxía 4.0 na que primeiro estiman investir as empresas dos sectores estudados para mellorar en competitividade, seguida doutras como simulación, modelización e virtualización; robotización e automatización; interacción persoa-máquina; sistemas ciberfísicos ou seguridade. Segundo as conclusións do traballo, a produción é o ámbito onde as empresas ven maior potencial de mellora coa incorporación das tecnoloxías 4.0, seguido do das persoas, os produtos e, en cuarto lugar, a calidade.

A tecnoloxía 4.0 máis incorporada ata o momento é a de seguridade e protección, seguida da automatización e a robótica avanzada e colaborativa; a modelación,

simulación e virtualización dos procesos; o big data e os sistemas ciberfísicos e Internet das cousas.

O estudo constitúe un instrumento fundamental para o desenvolvemento da Axenda Industria 4.0, coa que a Xunta busca reinventar o tecido produtivo. A Axenda 4.0 xa beneficiou máis de 4.200 empresas e prevé impulsar investimentos por 175 millóns de euros no marco do actual plan bienal (2017-2018), poñendo a Galicia como pioneira no camiño cara á fábrica intelixente con medidas que apostan pola formación, a sensibilización que impulse este novo modelo produtivo e axudas ao tecido empresarial.

OS DATOS DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRI PAL 2017 REFLECTEN A CONSOLIDACIÓN DO AUMENTO DAS COBERTURAS ACADADAS NOS ÚLTIMOS ANOS

- *Nas persoas maiores de 65 ou máis anos acadouse unha cobertura de 57,96%, case dous puntos máis que na campaña de vacinación da gripe anterior*
- *Tamén amosa un importante incremento a porcentaxe de traballadores sanitarios vacinados nesta campaña, acadándose unha cobertura do 38,85%, que queda preto do 40 % establecido como obxectivo*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou no Consello da Xunta o informe do balance da campaña de vacinación antigripal 2017 na que se administraron un total de 539.696 doses, o que supón 24.789 doses máis que na campaña do ano 2016. A campaña durou 10 semanas, unha máis que en anos anteriores, e desenvolveuse entre o 23 de outubro e o 29 de decembro de 2017.

Destaca o aumento da cobertura en case 2 puntos con respecto do ano anterior nas persoas de 65 ou máis anos e a consolidación da tendencia crecente dos últimos anos. Así, desde o ano 2012, a vacinación en persoas de 65 ou máis anos foi aumentando ano a ano, pasando dunha cobertura do 50,93% no 2012 ao 57,96% no 2017.

Tamén amosa un importante incremento a porcentaxe de traballadores sanitarios vacinados nesta campaña, acadándose unha cobertura do 38,85%, que queda preto do 40% establecido como obxectivo. Esta taxa de cobertura vacinal duplica á de 2014 (18,27%) e consolida a tendencia crecente rexistrada en 2015 e 2016, cando se acadaron coberturas vacinais do 23,67% e 33,45%. A cobertura foi maior en Atención Primaria (46,35 %), polo que se superou o obxectivo establecido do 40%. Na Atención Hospitalaria a cobertura (35,63%) aumentou uns 5 puntos con respecto aos resultados da campaña anterior.

A cobertura estimada nas mulleres embarazadas, grupo tamén prioritario da campaña, foi do 19,89 %, vacinándose 1.163 mulleres máis que na campaña anterior, o que representa arredor dun 48% máis.

Vacinación por grupos de idade

O número de doses administradas nas persoas de 65 ou máis anos foi de 385.970, obténdose unha cobertura do 57,96 %. Se analizamos a vacinación por subgrupos de idade, obsérvase en todos eles o aumento da cobertura, acadándose as cifras máis elevadas nas persoas de 75 ou máis anos cun 64,80 %, nas que se roza o obxectivo establecido do 65 %. As coberturas son máis baixas entre a poboación de 70-74 anos (56,44 %) e 65-69 anos (44,64 %).

Nas persoas de 60 a 64 anos, a cobertura da actividade vacinal acadou o 23,85%, co que supera en case 1 punto o dato da campaña anterior.

Nesta campaña, o grupo de idade de 65 a 74 anos volveu ser obxectivo do Programa de promoción da vacinación antigripal do Sergas, coa captación da poboación non vacinada desta idade. O persoal de enfermaría de atención primaria contactou telefonicamente con 35.445 persoas (4.509 máis que no ano 2016), das que posteriormente acudiron a vacinarse 5.244, o que representa o 14,79 % fronte ao 11,50% do ano anterior.

Outros obxectivos da campaña

A porcentaxe de doses recollidas con respecto ás subministradas aos centros foi do 3,73 %, cumprindo o obxectivo fixado este ano pola Consellería de Sanidade de que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña fose menor dun 5% das doses subministradas aos centros.

A porcentaxe de doses rexistradas sobre o total de utilizadas foi do 94,50 %, practicamente igual que na campaña anterior (94,76 %); unhas 31.000 doses, que se entende que foron administradas, non se rexistraron como tales.

Os custos directos da campaña foron de 2.059.617 €, dos que 2.055.040 € corresponderon á compra de produtos vacinais e 4.577 € á provisión de material para a promoción da campaña nos centros sanitarios.

MEDIO RURAL REFORZA O CARÁCTER AMBIENTAL E O PAPEL DA MULLER COMO TITULAR DAS EXPLOTACIÓNS NAS AXUDAS PARA MODERNIZAR O AGRO

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova convocatoria de subvencións para plans de mellora, incorporación de mozos á actividade agraria e o desenvolvemento de pequenas explotacións, dotada con 65 millóns de euros*
- *Na puntuación para a concesión destas achegas valórase especialmente o papel da muller como titular das explotacións agrarias e os investimentos para reducir as emisións contaminantes de amoníaco e de dióxido de carbono*
- *Unha das novidades da orde será que os solicitantes deberán ter contratado un seguro agrario, co fin de asegurar rendas dignas e minimizar as perdas ocasionadas por efectos meteorolóxicos*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova convocatoria de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrarias, a creación de empresas para os agricultores mozos e o desenvolvemento de pequenas explotacións. Trátase dunha das ordes máis destacadas que ten este departamento autonómico para a modernización do agro, a cal contará para este ano 2018 cun investimento de 65 millóns de euros, e coa que se reforzará o papel da muller como titular da explotación agraria e o carácter ambiental destas.

En concreto, esta orde recolle tres liñas de subvencións. A dotación para este ano sitúase nos 40 millóns de euros para apoiar investimentos en explotacións agrícolas (coñecidos como plans de mellora), nos 20 millóns para impulsar a incorporación de novos activos ao agro (agricultores mozos) e nos 5 millóns para fomentar o desenvolvemento de pequenas explotacións. Estas axudas están encadradas dentro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, que prevé –para estas liñas de axuda– un investimento de 247,5 millóns de euros en todo o período de execución.

Entre as principais novidades desta convocatoria, que suma un total de 190 millóns de euros investidos no agro galego nos últimos tres anos, cómpre destacar que se mellorou a xestión destas axudas co fin de incrementar o número de proxectos aprobados. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural diminuíu a contía máxima por beneficiario nas axudas para plans de mellora, sendo o máximo de 500.000 euros, co fin de incrementar o número de proxectos que se poidan beneficiar destas achegas.

Tamén se dá prioridade a determinados colectivos ou orientacións produtivas, tales como a avicultura artesanal e as plantas aromático-medicinais no caso das pequenas

explotacións, sectores que se suman aos xa existentes como o hortícola, frutícola, florícola, apícola, vacún de carne e ovino/cabrún.

Foméntase, tamén, o papel da muller como titular das explotacións agrarias, de tal xeito que se incrementa o peso deste criterio na puntuación final, a prol da igualdade entre homes e mulleres. Así mesmo, valóranse as explotacións en control leiteiro oficial, como forma de recoñecer o esforzo dos gandeiros de leite na mellora da raza, primando así o correcto mantemento da sanidade animal, que contribúe ao bo status sanitario da cabana gandeira galega. Por outra banda, refórzanse os criterios nos que se valoran os investimentos para reducir as emisións contaminantes de amoníaco e de dióxido de carbono, como forma de promover o carácter ambiental destas axudas.

Ademais, e tendo en conta o sucedido no ano 2017, establécese como requisito obrigatorio ter contratado un seguro agrario co fin de minimizar as perdas ocasionadas por efectos meteorolóxicos adversos. No caso de mozos que se incorporen á actividade agraria, este deberá pertencer ao Plan de seguros agrarios combinados do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, excepto a liña de retirada e destrución de animais mortos nas explotacións.

190 millóns de euros

Dada a importancia desta liña de achegas no sector agrogandeiro galego, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez mantén o orzamento con respecto á convocatoria pasada. Así, dende que se puxo en marcha o Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, son tres as convocatorias (incluída a actual) que saíron por un montante de 190 millóns de euros.

Con esta orde búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar o emprego no sector agrario, co fin último de fixar poboación no medio rural.